

Resumo Executivo


ESTRATEGIA GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL


EGAES H27

Economía Social para unha Galicia Sostible



**XUNTA
DE GALICIA**





Índice

- 00** Introducción
- 01** Misión, visión e valores
- 02** Retos identificados
- 03** Obxectivos estratégicos
- 04** Obxectivos operativos
- 05** Proxectos prioritarios
- 06** Medidas e accións
- 07** Resultados esperados

Contexto favorable e aliñado con outros instrumento de planificación

A estratexia galega de economía social inscríbese nun contexto favorable para o impulso da Economía Social. Tanto a nivel europeo, como estatal ou galego o reforzo e recoñecemento deste modelo figura explicitamente en plans, programas de goberno, instrumentos de financiamento e declaracións políticas diversas, posto que **xera emprego e riqueza de maneira sostible**, contribuíndo á diversificación económica e axudando a equilibrar o desenvolvemento entre áreas urbanas e rurais.

Papel crave da Economía Social nos tempos actuais

A Economía Social, e o emprendemento colectivo que implica, é crave para:

- O impulso de emprego de calidade e inclusivo.
- O desenvolvemento económico e social.
- Afrontar os retos empresariais do presente e futuro.
- A contribución á transición verde, dixital e cohesionada.
- Constitúe unha forma de asentar poboación no territorio.

Economía Social para unha Galicia sostible.

A economía social en Galicia é unha parte integrante da nosa identidade económica e social e desempeña un papel crucial na **construción dunha sociedade máis xusta, igualitaria e sostible**. A EGAES H27 enfócase na consecución do triángulo equilátero da economía social, onde cada un dos seus tres piares teñen a mesma importancia.

O triángulo equilátero da sostibilidade traballa para lograr:

1. **A sostibilidade social**, con medidas para garantir a consolidación do emprego inclusivo e a estabilidade laboral e seguir traballando na igualdade, na equidade e no obxectivo irrenunciable de seguir incorporando máis mulleres, persoas mozas, maiores de 55 anos, migrantes e emigrantes retornados ao sector, especialmente en zonas rurais.
2. **A sostibilidade económica**, con medidas para consolidar as entidades da economía social que desenvolven a súa actividade nos actuais sectores de implantación e tamén para buscar o crecemento nos sectores emerxentes contemplados no Plan Europeo da Economía Social. **Consolidar e medrar son os dous puntais para acadar a sostibilidade económica.**
3. **A sostibilidade ambiental**, con medidas para a implantación de entidades e proxectos do sector na economía verde e azul e tamén na economía circular, traballando para afondar na dixitalización do sector e tamén para reducir ao máximo a pegada de carbono das súas actividades.



Instrumentos

A EGAES H27 é un plan estratéxico da Xunta de Galicia que implica ás Consellerías, con accións transversais que van ser coordinadas no **Consello da Economía Social no marco da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.**

O Consello da Economía Social estudiará a viabilidade das medidas contempladas no primeiro documento da EGAES H27, realizará un seguimento periódico do desenvolvemento deste plan estratéxico para realizar as achegas necesarias que melloren cada ano esta folia de ruta e tamén planificará a mellora das normativa necesaria para que o sector da economía social cumpra o obxectivo da sostibilidade económica, social e ambiental.

A EGAES H27 tamén aposta por **fornecer a Rede EUSUMO** como ferramenta para facilitar toda a información que precisan as entidades de economía social sobre programas e axudas europeas, estatais, autonómicas e provinciais. O vello sono da xanela única informativa e a posibilidade de asesoramento nunha soa ferramenta é posible grazas ao fornecemento gradual da REDE EUSUMO. Tamén terá un papel importante na recollida de datos rexistrados da economía social e os estudos necesarios para dispoñer de datos certos e periódicos sobre a capacidade e o peso das entidades da economía social en Galicia e avaliar o seu impacto social.

A EGAES H27 tamén aproveita os recursos existentes para axudar ao sector da economía social na promoción das súas actividades e a captación de talento nas mulleres, persoas mozas, maiores de 55 anos, migrantes e emigrantes retornados. Reforzará a rede de **Polos de Emprendemento** para dar a coñecer as posibilidades da economía social a través de accións concretas de promoción e difusión conxuntas.

01

Misión, visión e valores

MISIÓN VISIÓN E VALORES



Misión

Mellorar as competencias das persoas e as capacidades das entidades de economía social para mellorar a sustentabilidade social, económica e ambiental da Economía Social en Galicia.



Visión

Consolidar o desenvolvemento da Economía Social en Galicia e aproveitar as oportunidades nos sectores estratéxicos reflexados no Plan de Acción Europeo da Economía Social, para continuar xerando emprego de calidade e favorecer a súa fixación no territorio.



Valores

Sustentabilidade | Inclusión | Igualdade | Cooperación |
Equidade | Innovación | Competitividade | Talento |
Transparencia | Emprendemento | Fixación no territorio

02

Retos identificados

RETOS IDENTIFICADOS

**01**

Consolidar a sustentabilidade da economía social (ámbito social, económico e ambiental) en Galicia.

02

Axudar á economía social galega á implantación nos sectores contemplados no Plan de Acción Europeo da economía social, especialmente no tecnolóxico e dixital, verde, industrial e sostible.

03

Continuar xerando emprego inclusivo e de calidade nas entidades de economía social e favorecer a súa fixación no territorio.

04

Mellorar a competitividade da economía social potenciando a formación para a mellora das competencias das persoas e a xestión sostible das entidades.

05

Fomentar o emprendemento sostible na economía social, especialmente nas mulleres, persoas mozas, migrantes, emigrantes retornados, maiores de 55 anos e persoas vulnerables.

06

Sumar para multiplicar: acadar ó acceso áxil e efectivo da economía social galega aos programas europeos, estatais, galegos e provincias.

07

Desenvolver ferramentas e programas para medir e avaliar o impacto social e económico da economía social en Galicia.

08

Favorecer as sinerxias e a coordinación dos organismos, instrumentos, axentes e entidades públicas e privadas para afondar na sostibilidade da economía social.

09

Afondar de xeito decidido pola visibilización e coñecemento da contribución da economía social na sociedade galega, tecido produtivo e administracións públicas.

10

Reforzar a coordinación e consolidar o diálogo entre os representantes da economía social e os organismos da Xunta de Galicia implicados no desenvolvemento e mellora da EGAES H27.

03

Obxectivos estratéxicos

OBXETIVOS ESTRATÉXICOS



OE 1. PERSOAS

Reter e atraer talento para impulsar novo emprendemento da economía social nos sectores emerxentes e consolidar a sostibilidade das entidades da economía social mediante a mellora da capacitación das persoas.



OE 2. ENTIDADES

Mellorar a capacidade competitiva das entidades de economía social para acadar a sostibilidade social, económica e ambiental e a súa presenza en sectores emerxentes.



OE 3. GOBERNANZA

Impulsar unha estrutura de gobernanza para acadar sinerxías entre as entidades da economía social en Galicia e afondar na coordinación e diálogo coas administracións públicas e os axentes económicos e sociais.

04

Obxectivos operativos

OBXETIVOS OPERATIVOS



OE 1. PERSONAS

- OE 1.1 **Promoción e visualización** do papel estratéxico da Economía Social en Galicia e as oportunidades para acadar a sostibilidade integral do sector e atraer talento.
- OE 1.2 Impulsar o **emprendemento, a formación especializada** e as habilidades directivas para mellorar a **competitividade** e acceder a sectores **emerxentes**.
- OE 1.3 **Fomentar o acceso ao emprego**, especialmente en mulleres, persoas mozas, migrantes, emigrantes retornados, maiores de 55 anos, persoas vulnerables e en zonas rurais.



OE 2. ENTIDADES

- OE 2.1 **Consolidar a sostibilidade** das entidades de economía social en Galicia e incrementar a súa presenza nos sectores emerxentes do Plan Europeo de Economía Social.
- OE 2.2 Informar e apoiar a través de accións específicas para acadar o posicionamento da Economía Social na **economía verde e azul, na economía circular**, no sector **agroalimentario** e na economía dos **coidados**.
- OE 2.3 Continuar desenvolvendo a **modernización tecnolóxica e dixital**, os procesos de innovación e a mellora da competitividade.



OE 3. GOBERNANZA

- OE 3.1 **Impulsar as colaboracións e sinerxías** entre as entidades de Economía Social e o resto do tecido económico e empresarial de Galicia, para fomentar o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- OE 3.2 Potenciar o Consello de Economía Social para **mellorar a coordinación** entre as entidades da Economía Social e os representantes das diversas consellerías implicadas na implantación e seguimento da EGAES H27.
- OE 3.3 Revisión e mellora do marco normativo para lograr a **sostibilidade integral** da Economía Social en Galicia.

05

Proxectos prioritarios

PROXECTOS PRIORITARIOS

1. ES Factory;
de economía social.

2. Es Eurorexión;
intercooperación entre
entidades
transfronteirizas.

3. CapacitES;
mellora de habilidades e
formación das persoas da
economía social.

4. Programa MentorES;
impulso de accións para
o crecemento do sector.

**5. Programa ES verde e
dixital;**
impulso de sectores
estratéxicos emerxentes.

**6. Programa MIDES –
EUSUMO;**
medición e comunicación
dos datos
representativos da
economía social.

**7. Programa de comunicación
integral da ES;**
espazos e encontros de
promoción e difusión da ES.

8. Feira da Economía Social;
evento divulgativo para o
impulso de boas practica na
economía social.



06

Medidas e accións

MEDIDAS E ACCIÓNS



OE 1. PERSOAS

1. Talento emprendedor

- ES Factory
- ES Eurorexión
- Junior-Startup

2. Formación

- ES – Educa e Emprende
- Mulleres directivas na ES

3. Prescritores/Embaixadores

- CapacitES
- Mulleres directivas na ES



OE 2. ENTIDADES

4. Apoio e asesoramento

- Programa MentorES
- Programa de financiamento de apoios ao longo do ciclo de vida das entidades de economía social
- Apoios a entidades de economía social que desenvolven accións de dimensión social

5. Innovación e sostibilidade

- Innovación e sostibilidade
- Programa ES verde e dixital



OE 3. GOBERNANZA

6. Organización

- Programa MIDES – EUSUMO
- Eusumo Restarting – Plan director

7. Comunicación

- Programa de comunicación integral da ES
- Feira da Economía Social

07

Resultados esperados

PRINCIPAIS RESULTADOS ESPERADOS

400 novas entidades

25% de entidades creadas
en sectores emerxentes

3.500 novos empregos

20.000 persoas formadas e
participantes en actividades

50% de mulleres promotoras

25% persoas mozas promotoras

37 días de media para a
constitución das entidades

Resumo Executivo

ESTRATEGIA GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL

EGAES H27

Economía Social para unha Galicia Sostible



XUNTA
DE GALICIA